

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

DECRETO NÚMERO 772/2011 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DICTADAS POLA TENENTA DE ALCALDE DE ÁREA.

Ilma. Sra. dona Sonia Méndez García, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego.

Lugo, 14 de outubro de 2011

Instruído o expediente relativo a: **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DO TRÁFICO DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO RESTRINXIDO E REGULACION HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

Examinado o expediente e visto:

1.- Informe proposta do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento de data 23 de setembro de 2011 que na parte expositiva establece literalmente:

ANTECEDENTES

I. Acordo da Xunta de Goberno local nº 20/108 de data 23 de febreiro de 2011 pola que se acordou a contratacion do servizo de mantemento, conservación e explotacion dos sistemas de control de tráfico do Concello de Lugo así como a aprobación dos pregos de rprescricións técnicas e de cláusulas administrativas, entre outros.

II.- Publicación do anuncio de licitacion no Diario Oficial da Comunidade Europea , no Boletín Oficial do Estado e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 24 de marzo de 2011

III.- Recurso especial en materia de contratacion interposto pola entidade EQUIPOS DE SEÑALIZACION Y CONTROL S.A en data 30 de marzo contra os pregos de clausulas administrativas

IV.- Acordo da Xunta de Goberno Local nº 26/248 de data 13 de abril de 2011 polo que se acorda estimar o antedito recurso especial en materia de contratación, deixar se efecto o procedemento de licitación convocado e que se proceda a unha nova redaccion dos pregos de prescripcóns técnicas e de clausulas administrativas particulares.

V.- Novo prego de prescripcóns técnicas remitidas polo Servizo de Enxeñería con modificación do capítulo II Adxudicacion do contrato no particular das condicións de solvencia técnica esixidas para optar á adxudicación.

VI.- Novo prego de cláusulas administrativas redactado polo servizo de contratacion para a contratacion de referencia.

VII.- Informe favorable de Intervención de data 19 de agosto con unha serie de observacións.

VIII.- Novo prego de prescripcóns técnicas remitidas polo Servizo de Enxeñería en setembro de 2011 coas correccións realizadas ó informe de Intervención.

IX.- Novo prego de cláusulas administrativas redactado polo servizo de contratacion para a contratacion de referencia.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato pode ser cualificado como contrato mixto de subministración, servizos e obras recollido e regulado no artigo 12 LCSP, xa que o seu obxecto consistente en traballos de mantemento, novas instalacións e reparación de equipos e elementos do sistema de control e regulación do tráfico do termo municipal de Lugo así como a axuda á explotación do Centro de Xestión Integral de Seguridade Viaria, todo iso de acordo coas condicións técnicas elaboradas polo Servizo Municipal de Enxeñería.

Para os efectos da cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña mais importancia dende o punto de vista económico, que neste caso é o servizo, tal e como se desprende do propio prego de condicións técnicas incluído na categoría 1 do Anexo II da LCSP.

Segundo.- Tendo en conta o valor estimado do contrato e en virtude dos artigos 13 e 54 da LCSP estamos ante un contrato suxeito a regulación harmonizada e do cal é esixible a clasificación ós licitadores.

Terceira. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 99 da LCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o procedemento restrinxido de acordo co previsto nos artigos 122 e 146 e seguintes da LCSP.

O procedemento restrinxido pode definirse como aquel en que todo operador económico (vinculado có obxeto do contrato) pode solicitar a súa participación, pero só os operadores invitados polos poderes adxudicadores poden presentar oferta. É de suliñar que a Lei non establece supostos concretos e tasados nos que a Administración poda facer uso deste tipo de procedementos, que alomenos en principio parece mais restrictivo que o procedemento aberto, pero que é o mais adecuado para os casos de especial complexidade técnica ou emprego de tecnoloxías determinadas como é o presente contrato.

Cuarta.- No referente ós criterios de solvencia técnica para seleccionar ás empresas participantes establecidas no capítulo II –

Adxudicación do Contrato- do prego de prescricións técnicas suprímese a esixencia do certificado en xestión de prevención de riscos laborais (OSHAS) en virtude da estimación do recurso especial en materia de contratación presentado e se modifica a esixencia obrigatoria de contar cos certificados de xestión en calidade e de medioambiente pasando a ser agora puntuables con 0,50 puntos cada un deles como máximo (novo apartado 2.2.7 do capítulo)

Asimesmo se modifica o apartado 2.2.4 relativo á experiencia en montaxe , instalación, conservación e mantemento de sistemas de control de acceso para dividirse en dous apartados, o 2.2.4 referente á experiencia en montaxe e instalación de sistemas de control de acceso cun máximo de dous puntos e apartado 2.2.5 relativo á experiencia en conservación e mantemento de sistemas de control de acceso cun máximo de dous puntos.

Por outra banda realízanse pequenas correccións do prego técnico e de cláusulas administrativas ós efectos de clarificar a información ós licitadores.

Respecto á subrogación dos traballadores así como as esixencias formais na presentación da documentación por parte dos traballadores, no prego técnico remitido polo servizo de enxeñería -unha vez visto o informe de Intervención- non se procede a unha corrección polo que os que suscriben entenden que o servizo propoñente do contrato ten interese no mantemento destas condicións.

Os criterios de selección dos participantes previstos no prego de prescricións técnicas, así como os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo quinta do prego de cláusulas administrativas respectan, a criterio deste Servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP, sen discriminar a ningún profesional ou empresa que , reunindo as condicións adecuadas, solicite participar na licitación e sen perxuízo da consideración da especificidade do obxeto do contrato

Quinta. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndellen as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual. En virtude do acordo nº 13/567 da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 17 de agosto de 2011 acordouse delegar na Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

Educacion a competencia para a aprobación de tódolos actos de trámite e resolutivos da dita contratación.

2.- Informe favorable da letrada asesora do Concello de Lugo de 14 de outubro de 2011.

Por todo o anteriormente, e no uso das atribución conferidas á Tenenta de Alcalde Delegada da área de economía e emprego en virtude do acordo 13/567 da Xunta de Goberno Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DO TRÁFICO DO CONCELLO DE LUGO

SEGUNDO.- Aprobar o prego definitivo de prescricións técnicas remitido en setembro de 2011 obrante no expediente como anexo a este acordo así como os pregos de cláusulas administrativas que rexerán na licitación dos traballos sinalados no parágrafo anterior, sendo o seu teor literal o seguinte:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DO TRÁFICO DO CONCELLO DE LUGO.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a prestación do servizo de mantemento, conservación e explotación dos sistemas de control do tráfico de Lugo consistentes en traballos de mantemento, novas instalacións e reparación de equipos e elementos do sistema de control e regulación do tráfico do termo municipal de Lugo así como a axuda á explotación do Centro de Xestión Integral de Seguridade Viaria, todo iso de acordo co prego de prescricións técnicas elaboradas polo Servizo Municipal de Enxeñería.

CPV 50000000-5 Servizos de reparación, mantemento e instalación

CNAE 2009 33.12 Reparación de maquinaria

33.13 Reparación equipos electrónicos e ópticos

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Trátase dun contrato mixto de servizos, subministración e obras, recollido e regulado no artigo 12 da LCSP e que ten por obxecto por unha banda o mantemento, conservación e explotación do sistema de control de tráfico, a realización de novas instalacións, subministración e mantemento de novos sistemas de xestión de seguridade viaria así como a posibilidade de remodelacións necesarias.

Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña mais importancia dende o punto de vista económico que neste caso é o **servizo** (artigo 9 LCSP) englobado na categoría 1 do ANEXO II da LCSP.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^a: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

A duración inicial deste contrato será de **CATRO anos**, podéndose prorrogar, mediante acordo expreso do Concello e coa conformidade do contratista, por prazos máximos dun ano ata un máximo de **DÚAS prórrogas**. Para estes efectos o contratista comunicará por escrito, cunha antelación de catro meses, a finalización do contrato ou das súas prórrogas, e a súa vontade de que o contrato sexa ou non prorrogado. O Concello de Lugo adoptará acordo sobre a concesión e duración – se é o caso – ou non da prórroga solicitada, no prazo dos sesenta días seguintes á solicitude do contratista, que lle será comunicado a este para continuar coas prestacións do contrato ou dar por finalizadas estas nas datas fixadas no anterior acordo.

Antes da finalización do contrato ou das prórrogas concedidas, o Concello procederá a convocar unha nova licitación para a prestación dos servizos de mantemento, conservación, reparación e montaxe das instalacións semaforicas reguladoras de tráfico e da seguridade viaria. Se esta nova licitación quedase deserta ou non estivese adxudicada, por calquera causa, ó día seguinte da finalización deste contrato ou das prórrogas concedidas, o Concello de Lugo poderá esixirle ó contratista a continuación das prestacións incluídas no contrato e nas mesmas condicións por un período máximo de seis meses.

As prestacións do servizo de mantemento, conservación e explotación das instalacións incluídas neste contrato, deberán ser iniciadas polo adxudicatario antes dos vinte días naturais a partir da data de formalización do contrato.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato (importe total do contrato incluído as prórrogas e excluído o IVE) ascende a 1.877.238 euros a razón da cantidade de 312.873 euros anuais ós que sumado o IVE, 18% (56.317,14 euros), ascende a 369.190,14 euros, correspondendo ó seguinte detalle:

- 309.190,14 €ano (18 %, IVE incluído) destinado a labores de mantemento e conservación da rede semaforica, de control de accesos, de CCTV, de fotorroxo, de cinemómetros, e demais elementos pertencentes á centralización semaforica, a xestión da sala de control de tráfico, nas condicións indicadas no prego técnico.
- 60.000 € anuais (18 %, IVE incluído) en concepto de novas actuacións e instalacións para realizar polo licitador.

Faise constar a existencia de crédito nas aplicacións orzamentarias 13200.22799, por importes de 257.370,66 euros e 13200.61900 por importe de 52.456,87 euros

do orzamento xeral do exercicio 2011. Respecto ás anualidades seguintes a autorización ou realización dos gastos subordinarase ó crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos presupostos.

Non procederá a revisión de prezos do contrato durante o primeiro ano tras o comezo da prestación dos traballos. Nas restantes anualidades e no caso de prórroga, os prezos de adxudicación revisaránse conforme á variación experimentada polo Índice de prezos ó consumo (IPC) durante a anualidade inmediatamente anterior.

O índice de revisión aplicado ó contrato será invariable durante a súa vixencia e determinará a revisión de prezos en cada data respecto á data final do prazo de presentación de ofertas polo procedemento de concurso. Neste punto estarase por tanto ó que indiquen os artigos 78 e seguintes da LCSP.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

Este contrato adxudicarase polo **procedemento restrinxido** previsto e regulado polos artigos 146 e seguintes da LCSP e **suxeito a regulación harmonizada**.

O procedemento articularase en DÚAS fases:

-1ª FASE DE PARTICIPACIÓN, mediante libre concorrència en función dos criterios obxectivos de méritos e requisitos de capacidade de obrar e solvencia que se indican **no prego de prescricións técnicas (CAPÍTULO II PARÁGRAFO 2.2. Condicións de solvencia técnica esixidas para optar á adxudicación)** e que rematará coa selección por parte do órgano de contratación das empresas que superen a puntuación mínima esixida, e que serán invitados a participar na segunda fase.

-2ª FASE DE INVITACIÓN ós seleccionados, simultaneamente e por escrito, a presentar as súas proposicións no prazo de TRINTA E CINCO DÍAS contados a partir do día seguinte ó da data de envío da invitación escrita.

SEXTA. ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA TÉCNICA PARA OS EFECTOS DE SELECCIÓN DOS CONCURSANTES NA FASE I.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e se

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

atopen clasificadas no **grupo P, subgrupo 1, categoría B) e grupo V, subgrupo 5, categoría A).**

Así mesmo e para os efectos de proceder á selección das empresas que participarán na segunda fase deberán documentar mediante as correspondentes certificacións as condicións que se indican **no prego de prescricións técnicas (CAPÍTULO II, PARÁGRAFO 2.2. Condicións de solvencia técnica esixidas para optar á adxudicación).**

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, e de conformidade co establecido no artigo 53 da LCSP, a empresa adxudicataria **deberá dispoñer dos medios de persoal, dispoñibilidade de locais e medios materiais que se sinalan no prego de prescricións técnicas no CAPÍTULO III, PARÁGRAFO 3.1, 3.2 e 3.3.**

Para a acreditación destes compromisos, as empresas licitadoras deberán presentar un compromiso de adscrición dos ditos medios persoais, locais e medios materiais xunto con curriculum e descrición de medios.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente, de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato posuía a plena representación ante a Administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 91 da LCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo

135.2 da LCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debida pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

OITAVA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

O Concello de Lugo publicará anuncios de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

Tendo en conta que se ofrecerá acceso por medios electrónicos ós pregos e á documentación complementaria e que os anuncios se preparan en envían por medios informáticos e telemáticos, o prazo de presentación de proposicións será de **TRINTA DÍAS NATURAIS**, contados dende a data do envío do anuncio do contrato á Diario Oficial da Unión Europea.

O Concello publicará no perfil do contratante as datas nas que os licitadores interesados poderán acudir ás dependencias municipais para coñecemento das instalacións obxecto deste contrato.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN PARA A FASE I.

As empresas presentarán as súas solicitudes nun sobre pechado, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento,

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, enderezo de correo electrónico para os efectos de notificacións.

O devandito sobre presentarse no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo no prazo determinado na cláusula anterior. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ó seguinte día hábil. O mesmo tratamento terá no caso de recaer o último día o 22 de maio de 2010.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR COAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NA FASE I.

O sobre CONTERÁ OBRIGATORIAMENTE a seguinte documentación:

- Solicitud de participación (conforme o modelo que se achega)

- Documentos acreditativos da personalidade do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual, copia autentica do DNI

b) Os restantes empresarios, escritura de constitución ou modificación debidamente inscrita no seu correspondente rexistro cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Así mesmo mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación, se é o caso, dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado pola Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios do Servizo de Contratación do Concello habilitados para o efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de Contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións,

das 9,30 ás 14,00 horas, de luns a venres. Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia técnica mediante a presentación dos documentos a que se fai referencia na cláusula sexta deste prego e no prego de prescricións técnicas, e que servirán para seleccionar os solicitantes para a segunda fase.

- Declaración responsable ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

-Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou funcionario/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que achegar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do Acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:
 - Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, se non, que actúan con habitualidade no tráfico local.
 - Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44 da LCSP.
 - Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Don/a, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº) fai constar:

- a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DO TRÁFICO DO CONCELLO DE LUGO**

b) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

c) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e xunta toda a documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA.- APERTURA DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN. CUALIFICACIÓN DA CAPACIDADE E SOLVENCIA. SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Para a FASE I DE PARTICIPACIÓN reunirse a Mesa de Contratación para os efectos de examinar a documentación administrativa e valoración da solvencia técnica e **proceder á selección dos solicitantes que superen a puntuación mínima esixida nos pregos de condicións técnicas (CAPÍTULO II, PARÁGRAFO 2.2. Condicións de solvencia técnica esixidas para optar á adxudicación) e ós que se invitarán a presentar ofertas na Fase II.**

De conformidade co artigo 22 do Real Decreto 817, do 8 de maio, delégase na Mesa de Contratación a función de seleccionar os solicitantes na primeira fase.

O número de empresarios a seleccionar será os 6 que acaden a maior puntuación sempre que todos eles obteñan unha puntuación total non inferior a 7 puntos convertíndose a dita condición en requisito necesario para proseguir a licitación.

No caso de que conorra un número inferior a 5 licitadores continuará o procedemento co número de empresas que efectivamente concorrisen sempre que a puntuación total obtida por cada un deles non sexa inferior a 7 puntos.

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Excmo sr. Alcalde do Concello de Lugo

VOGAIS:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

- A Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.
- Un concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor Xeral ou funcionario/a que o substitúa.
- Un representante da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: o Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto de apertura das solicitudes de participación celebrarase o segundo día natural, contado a partir do remate do prazo de presentación destas. Se o dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase o seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

DÉCIMO SEGUNDA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS NA FASE II

A **Mesa de Contratación** invitará os candidatos seleccionados a presentar as súas proposicións nun prazo de **35 días naturais contados a partir da data de envío da invitación escrita. A tal efecto terase en conta a data do rexistro de saída do Concello de Lugo que conste no documento. Publicarase asimesmo no perfil do contratante do Concello de Lugo a data límite de presentación das ofertas para a Fase II.**

As ofertas presentaranse, durante o prazo sinalado no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil. O mesmo tratamento terá no caso de recaer o día o 22 de maio de 2010 ou 24 e 31 de decembro que se prorrogará ó primeiro día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, deberá xustificarse a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMO TERCEIRA.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR NA SEGUNDA FASE

As empresas presentarán a súa proposición en **tres sobres pechados**, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A, DATOS DO CONCURSANTE, letra B relativo á OFERTA TÉCNICA (RELATIVA ÓS CRITERIOS DE ADXUDICACION NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE) e letra C relativo á OFERTA ECONÓMICA. (RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE)

O **sobre A** denominado **DATOS DO CONCURSANTE** incluirá a seguinte documentación:

- Identificación do concursante - enderezo postal, teléfono, fax e enderezo de correo electrónico (e-mail).

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B ou C no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición

O **sobre B** denominado **OFERTA TÉCNICA (relativa ós criterios de adxudicación non avaliábles automaticamente)**, conterá toda a documentación técnica necesaria para a valoración da proposición de acordo cos criterios non avaliábles automaticamente contidos na CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA (15.2) deste prego de cláusulas administrativas particulares e que se especifican no prego de especificacións técnicas CAPÍTULO V ARTIGO 5.1.2 (SOBRE C - OFERTA TÉCNICA)

A inclusión errónea de información referida a oferta de prezos, porcentaxes de baixa e incremento da garantía que deba estar incluída no sobre C no sobre B implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.

O **sobre C** denominado **OFERTA ECONÓMICA E RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE** conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar,

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación **DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DO TRÁFICO DO CONCELLO DE LUGO**

b) Propón como **prezo do contrato** * os seguintes:

- Prezo ofertado para o servizo de mantemento e explotación de:
 - prezo sen IVE:..... euros.
 - importe IVE (18%) :..... euros.
 - prezo total, IVE incluído: euros.

** Ofertase o importe destinado exclusivamente a conservación e explotación, do que se exclúe o destinado a novas instalacións segundo o artigo 5.3 do prego de prescricións técnicas*

- Unha **porcentaxe única** de baixa sobre o cadro de **prezos unitarios** do ANEXO III do prego de prescricións técnicas para aplicar en reparacións de avarías producidas por terceiros e reforma de instalacións de%

- Unha **porcentaxe única de baixa** sobre o cadro de prezos unitarios de **man de obra** en actuacións fóra do horario de mantemento do ANEXO III do prego de prescricións técnicas de%

As cantidades consignarase así mesmo en letra.

c) Propón un **prazo total de garantía** sobre reparacións executadas polo licitador de..... meses.

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

A presentación das ofertas deberán suxeitarse ó disposto no prego de prescricións técnicas (CAPÍTULO V – DAS OFERTAS E A SÚA VALORACIÓN).

O incumprimento das condicións que sobre a súa extensión deben verificar os distintos apartados da oferta técnica será causa de exclusión.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións.

DÉCIMO CUARTA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS OFERTAS NA FASE II.

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: O Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Lugo

VOGAIS:

- A Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.
- Un concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor Xeral ou funcionario/a que o substitúa
- Un representante da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: o Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura das ofertas técnicas (sobre B) celebrarase o segundo día natural, contado a partir do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura do sobre A. Se o dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase o seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C), tras o cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da Mesa de Contratación.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: aprobación pregos contratación servizo mantemento, conservación e explotación sala control tráfico

Asunto:

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO QUINTA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A valoración das ofertas atenderase á documentación achegada e se regulará con base nunha puntuación nos puntos seguintes:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN	
	Parcial	Total
CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE (OFERTA ECONÓMICA)		
Prezo ofertado para conservación e explotación*		25
Baixa porcentual sobre o cadro de prezos unitarios (anexo III)		15
Baixa porcentual sobre o prezo unitario horario de man de obra fóra de horario		10
Incremento do prazo de garantía sobre reparacións executadas polo licitador		10
CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE (OFERTA TÉCNICA)		
Proxecto de obra e servizo		25
Organización do servizo	15	
Proxecto de funcionamento do sistema.	5	
Mantemento, reforma e ampliación del mismo	5	
Proxecto de actualización tecnolóxica		20
Melloras na aplicación de xestión do tráfico	5	
Melloras no sistema de xestión de infraccións	5	
Melloras no sistema de control de accesos	5	
Melloras nas comunicacións	5	
Importe destinado a melloras		5
TOTAL		110

* (Enténdese que se oferta o importe destinado exclusivamente a conservación e explotación, do que se exclúe o destinado a novas

instalacións segundo o artigo 5.3 do prego de prescricións técnicas)

Desta maneira, propoñerase como adxudicataria a empresa que obteña maior puntuación baseándose na seguinte regulamentación, redondeando cada puntuación parcial ata una cifra decimal.

A continuación, detállase cada un dos parágrafos anteriores:

15.1.- CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE (OFERTA ECONÓMICA)

a) .- Prezo ofertado para a conservación e explotación. (Ata 25 puntos)

Asignaranse ata 25 puntos proporcionalmente á baixa para o presuposto de conservación e explotación. Os 25 puntos corresponderán á baixa máxima, sempre e cando non concorran as circunstancias indicadas no parágrafo seguinte. A consideración de baixa temeraria situarase nas ofertas que superen a baixa media en máis de cinco unidades porcentuais. Para a determinación da Baixa Media calcularase a media aritmética das baixas das proposicións presentadas.

Enténdese que o importe de partida (IVE 18% incluído) para a conservación e explotación é a indicada no artigo 5.3 dos pregos de prescricións técnicas para a base de licitación, excluído o importe destinado a novas actuacións e instalacións, o que supón 309.190,14 €/ano.

En caso de discrepancia ou contradicións entre os prezos unitarios ofertados, tomarase para a valoración das ofertas o que resulte máis beneficioso para a Administración.

Os erros de cálculo das ofertas económicas confeccionadas polos licitadores darán lugar á súa corrección aritmética.

b)- Baixa porcentual sobre o cadro de prezos unitarios (ata 15 puntos)

Baixa porcentual única sobre o cadro de prezos unitarios para aplicar en reparacións de avarías producidas por terceiros e reforma das instalacións, que aparece no anexo III do prego de prescricións técnicas.

Están comprendidas nelas as porcentaxes de gastos xerais e beneficios repercutidos.

Daráselle a máxima puntuación (15 puntos) á maior porcentaxe de baixa única sobre o cadro de prezos unitarios, corresponderanlle 0 puntos á empresa que non oferten porcentaxe de baixa algún e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

Terá a consideración de baixa temeraria as ofertas que superen a baixa media en máis de cinco unidades porcentuais. Para a determinación da Baixa Media calcularase a media aritmética das baixas das proposicións presentadas.

c) Prezo da man de obra en actuacións fóra do horario de mantemento (ata 10 puntos)

Baixa porcentual única sobre o cadro de prezos unitarios de man de obra que aparece no anexo III correspondente á hora de traballo de man de obra en actuacións de conservación e mantemento derivadas de causas extraordinarias (derribamentos, avarías ou actos especiais), fóra do horario de mantemento (nocturnidade, festivos, sábados tarde). Ofertarase unha baixa única para este horario.

Darásele a máxima puntuación (10 puntos) á maior porcentaxe de baixa única sobre o cadro de prezos unitarios, corresponderanlle 0 puntos á empresa que non oferta porcentaxe de baixa algún e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

Terá a consideración de baixa temeraria as ofertas que superen a baixa media en máis de cinco unidades porcentuais. Para a determinación da Baixa Media calcularase a media aritmética das baixas das proposicións presentadas.

d) Incremento do prazo de garantía sobre reparacións executadas polo licitador (ata 10 puntos)

Valorarase o incremento que se formule sobre o prazo de garantía contractual (**12 meses**) para todas aquelas actuacións levadas a cabo por parte do licitador, xa sexa dentro das reparacións efectuadas como das novas instalacións executadas polo licitador. Só se terá en consideración un prazo de garantía, polo que, de ofertarse diferentes prazos (para compoñentes e man de obra, por exemplo) só se considerará o menor deles. A máxima puntuación (10 puntos) conseguíraa o licitador que presente o maior prazo global, asignándose 2 puntos por cada 12 meses, (ano), adicionais. Aqueles que non fagan mención expresa ou oferten 12 meses conseguirán cero (0) puntos. O resto de puntuacións obterase por interpolación lineal, considerando 0,167 puntos por cada mes adicional ofertado e redondeando o resultado a dous decimais.

15.2.- CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE (OFERTA TÉCNICA)

a) Proxecto de obra e servizo (ata 25 puntos)

i. Organización do servizo (ata 15 puntos)

Valorarase unha memoria explicativa comprensiva de, como mínimo, os seguintes aspectos:

Planificación e organización dos medios asignados ó servizo.

Sistematización do control dos traballos: metodoloxía, horarios, quendas, etc.

Para a valoración da memoria, terase en conta o grao de concreción e de detalle no desenvolvemento dos puntos formulados, así como outras cuestións que o licitador propoña e que complementen os mínimos esixidos neste prego. A maior valoración (15 puntos) conseguiraa a memoria máis exhaustiva, detallada e realista, considerando o documento de modo global. Do mesmo modo teranse en conta aquelas achegas que formule o licitador sempre e cando sexan de aplicación á mellora real da organización do servizo, que non impliquen custo directo ou indirecto ó Concello e sempre que non estean incluídas noutros apartados da oferta.

ii. Proxecto de funcionamento actual do sistema. Mantemento, reforma e ampliación deste. (ata 10 puntos)

-Presentarase unha memoria na que se recolla tanto unha análise do funcionamento actual do sistema centralizado de control de tráfico do Concello de Lugo (SCCT), como a descrición técnica dos procedementos e materiais destinados ó mantemento, reforma ou ampliación deste. En canto á análise do funcionamento actual do SCCT, para a valoración deste punto da memoria (sobre un máximo de 5 puntos) terase en consideración a exhaustividade e precisión da análise, así como a detección de posibles problemas do sistema, xa sexa baseados na súa natureza como en defectos ou avarías deste. Valorarase coa máxima puntuación aquela análise máis completa e pormenorizada, que ilustre do mellor modo o funcionamento.

-Polo que se refire ó mantemento, reforma e ampliación do SCCT, para a valoración deste outro punto da memoria (sobre un máximo de 5 puntos) terase en consideración a exposición detallada das características técnicas de todos os equipos ou elementos que o licitador utilizará para a realización dos traballos de mantemento, conservación, reparación, modificación e ampliación das instalacións que forman parte do SCCT. Na memoria deberase documentar a compatibilidade técnica, sempre que cumpra os requisitos esixidos no prego de condicións técnicas. Valorarase coa máxima puntuación a descrición máis rigorosa e precisa dos procedementos e a descrición técnica máis detallada das

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^a: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

características técnicas de todos os equipos ou elementos que se utilizarán para a realización dos traballos de mantemento, conservación, reparación, modificación e ampliación das instalacións que forman parte do SCCT, así como a xustificación do seu emprego e a súa compatibilidade coa infraestrutura existente.

b) Proposta de actualización tecnolóxica (ata 20 puntos)

Valorarase a calidade e coherencia da "Proposta de actualización tecnolóxica", cuxa estrutura formal se indicou no punto 5.1.2 dos pregos de prescripcións técnicas, ata un máximo de 20 puntos segundo o seguinte detalle:

i. Ata 5 puntos, polas melloras na aplicación de xestión do tráfico.

Teranse en conta as melloras formuladas na proposta de actualización tecnolóxica que redunden en beneficio real da actual aplicación de xestión do tráfico. Deberase describir tecnicamente a mellora proposta, analizando ata qué punto na súa aplicación poden esperar melloras sobre o funcionamento da aplicación na actualidade. A máxima puntuación outorgaráselle á oferta que formule as melloras máis beneficiosas no seu conxunto para o funcionamento da aplicación. Tamén se valorarán aspectos como a análise máis detallada delas e as xustificacións que garantan que lles son aplicables á aplicación. Indicar neste punto que se trata exclusivamente dunha proposta sen xerar obriga económica para o licitador

ii. Ata 5 puntos, polas melloras no sistema de xestión de infraccións.

Teranse en conta as melloras formuladas na proposta de actualización tecnolóxica que redunden en beneficio real do actual sistema de xestión de infraccións. Deberase describir tecnicamente a mellora proposta, analizando ata qué punto na súa aplicación se poden esperar melloras sobre o funcionamento do sistema na actualidade. A máxima puntuación outorgaráselle á oferta que formule as melloras máis beneficiosas no seu conxunto para o funcionamento do sistema. Tamén se valorarán aspectos como a análise máis detallada delas e as xustificacións que garantan que son aplicables ó sistema. Indicar neste punto que se trata exclusivamente dunha proposta sen xerar obriga económica para o licitador

iii. Ata 5 puntos polas melloras no sistema de control de accesos.

Teranse en conta as melloras formuladas na proposta de actualización tecnolóxica que redunden en beneficio real do actual sistema de control de accesos. Deberase describir tecnicamente a mellora proposta, analizando ata qué punto na súa aplicación poden esperar melloras sobre o funcionamento do

Sistema na actualidade. A máxima puntuación outorgaráselle á oferta que formule as melloras máis beneficiosas no seu conxunto para o funcionamento do sistema. Tamén se valorarán aspectos como a análise máis detallada delas e as xustificacións que garantan que son aplicables ó sistema. Indicar neste punto que se trata exclusivamente dunha proposta sen xerar obriga económica para o licitador

iv. Ata 5 puntos, polas melloras funcionais das comunicacións.

Teranse en conta as melloras formuladas na proposta de actualización tecnolóxica que redunden en beneficio funcional das comunicacións. Deberase describir tecnicamente a mellora proposta, analizando ata qué punto na súa aplicación se poden esperar melloras sobre o funcionamento das comunicacións na actualidade. A máxima puntuación outorgaráselle á oferta que formule as melloras máis beneficiosas no seu conxunto para a funcionalidade das telecomunicacións. Tamén se valorarán aspectos como a súa análise máis detallada e as xustificacións que garantan que son aplicables as telecomunicacións. Indicar neste punto que se trata exclusivamente dunha proposta sen xerar obriga económica para o licitador

O Orzamento da proposta de actualización tecnolóxica non debe ser superior ó 10% do tipo de licitación para a vida do contrato, excluídas as prórrogas (esto é $4 \times 369.190,14 \text{ €} \times 0,10 = 147.676,06$ euros) Reiterar que neste apartado estase valorando a proposta de actualización tecnolóxica sen xerar en ningún caso obriga económica para o licitador. Polo tanto debe entenderse que non se trata dunha mellora máis. Unha vez seleccionado o licitador, o Concello reservase a posibilidade da adaptación ou mellora da proposta que este presente en función da existencia de crédito suficiente e dos prazos que manexe para a súa execución.

No caso de que a proposta de actualización tecnolóxica superase o orzamento indicado no parágrafo anterior valoraránse - no caso de que fose interesante para o Concello e de que exista diferenciación en apartados dentro da proposta - aqueles apartados que conxuntamente non superen a contía anteriormente indicada. Aclarar que o límite indicado do 10% fíxase a fin de facilitar a viabilidade de execución da proposta por parte do Concello en aras a facilitar a obtención do crédito necesario dentro da vida do contrato.

Significar que, unha vez executadas as actuacións contidas na proposta de actualización tecnolóxica, de ser o caso e independentemente do momento no que se executen en relación á vida do contrato (xa sexa ó principio ou ó final deste) non suporán ningún custo adicional para o Cocenllo en canto a conservación e mantemento senón que a mercantil comprométese a asumir estes

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^a: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

durante a vida do contrato incluídas as eventuais prórrogas deste independentemente do prazo de garantía que se fixe na súa contratación

c) Importe destinado a outras melloras (Ata 5 puntos)

Corresponde a este apartado o importe da proposta de melloras sobre as prestacións obrigatorias contempladas no prego técnico que o licitador oferte e que teñan relación co obxecto do contrato. Será preciso aportar descripción técnicas destas adxuntando un cronograma para a súa aplicación non considerándose as meras valoracións económicas. En todo caso o importe presentado para cada mellora ofertada deberá ser aceptado pola Administración, podendo este, en caso de non conformidade con ela propoñer unha valoración alternativa motivada para a avaliación deste criterio.

Estudaranse as melloras técnicas e/ou materiais que o licitante presente e que se consideren beneficiosas para optimizar os fins perseguidos neste contrato, tanto dende o punto de vista da funcionalidade coma da mellor explotación dos recursos existentes ou mesmo que tenda a calquera outro aspecto relacionado coa xestión e/ou estudo da seguridade viaria, e que a DC (dirección do contrato) considere beneficiosas para cumprir os obxectivos previstos neste prego de condicións, asignándose ata un máximo de 5 puntos.

As melloras suxeridas han de ser estimadas como tales na valoración da oferta e non poden supoñer, en ningún caso, variantes sobre a oferta base, debendo especificar o seu prazo de execución. Así mesmo, a súa implantación, montaxe ou construción tampouco implicarán - para poder ser consideradas - custo económico ningún para o Concello. Só se aceptarán obrigas económicas derivadas de custos de conservación e mantemento unha vez finalizado o prazo de garantía do elemento que constitúa a mellora, sempre e canto os ditos custos non sexan desproporcionados e puideran plantear desequilibrios no contrato no momento de ser precisa a súa incorporación a este. Para xustificar tal extremo deberá presentarse xustificación ou estudio económico dos custos de explotación, conservación e mantemento de ditas melloras a fin de garantir que estas non suporán un incremento desorbitado dos custos de explotación, conservación e mantemento do contrato unha vez que finalice o prazo de garantía da súa execución/instalación. A diferenza que no apartado anterior, indicar que a presentación de melloras dentro deste apartado **sí xera obriga económica para o contratista**. Para a determinación de desproporcionados dos ditos custos de conservación e mantemento propónse un criterio de porcentaxe sobre o prezo de licitación para a conservación e explotación no apartado 5.2.1 do prego técnico , asignando un valor máximo do 15% sobre este. Deste modo , se da xustificación ou estudio económico de custos de explotación, conservación

e mantemento das ditas melloras se desprende que o importe supera o 15% do prezo de licitación (309.190,14 e/ano) significado no apartado 5.2.1 do prego técnico consideraranse desproporcionados.

FORMA DE PRESENTACIÓN DA OFERTA TÉCNICA:

A oferta técnica constará dun máximo de 30 follas tamaño DINA-4 escritas por anverso e reverso para os apartados a) e c) relativos ó proxecto de obra e servizo e importe destinado a melloras (enténdese a extensión máxima para o conxunto dos dous parágrafos). O apartado b) relativo á proposta de actualización tecnolóxica entregarase en volume á parte e constará dun máximo de 50 follas tamaño DIN A-4 (escritas por anverso e reverso) cun número de planos non superior a 10 unidades (só polo anverso) nun tamaño máximo A-1. En ambos os dous casos exclúense do devandito cómputo as diferentes portadas e separadores que non conterán ningún dato relevante para a dita oferta. **O incumprimento das condicións que sobre a súa extensión deben verificar os distintos parágrafos da oferta técnica será causa de exclusión daqueles licitadores que se visen en tal circunstancia, sen valorar o seu contido.**

DÉCIMO SEXTA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumplimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

Na notificación así como no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

DÉCIMO SÉTIMA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos. O órgano competente requirirá ó adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo anterior sen interpoñerse o recurso que leve aparelhada a suspensión da formalización do contrato.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houbera esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO OITAVA. EXECUCIÓN DO CONTRATO

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste, dera ó contratista o responsable do contrato (Enxeñeiro Municipal de Camiños), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. A modificación deste contrato suxeitarase ó disposto no artigo 202 da LCSP así como polo disposto no título V do Libro I (artigos 92 bis a 92 quinquies) da LCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4.- O contratista queda obrigado á realización de todos os traballos incluídos neste presente contrato, mediante o persoal e medios materiais propios que sexan necesarios, e que se indican no capítulo II do prego de condicións técnicas, sen que estes traballos poidan ser executados mediante subcontratacións a outras persoas naturais ou xurídicas. Exceptúase desta obriga o mantemento, conservación e reparación dos ordenadores, equipos de comunicacións e periféricos da sala de control, a tirada de fibra óptica na rede semafórica e a realización da obra civil que fora necesaria executar para levar a cabo os traballos obxecto do contrato. Neste último caso estarase ó disposto no artigo 210 e 211 da LCSP.

DÉCIMO NOVENA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de todos os xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

VIXÉSIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. SUBROGACIÓN DE PERSOAL

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo e en xeral de cantas obrigas lle veñan impostas polo seu carácter de empregador.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo a este prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

- De conformidade co capítulo III do prego de prescricións técnicas establécese a obriga por parte da empresa adxudicataria de subrogarse nos dereitos e deberes que tivera reconecidos a entidade que presta actualmente o contrato de mantemento da rede semaforica e control de accesos e da anterior adxudicataria do contrato de explotación da sala de control de tráfico. Para tal efecto **no**

ANEXO IV do prego de prescricións técnicas inclúese a relación de profesionais actuais da empresa adxudicataria.

A empresa deberá achegar no prazo máximo de dous meses seguintes á sinatura do contrato as copias dos contratos de traballo dos traballadores subrogados e de calquera traballador que se adscriba a este contrato, copias dos TC2 da Seguridade Social así como toda a documentación que permita o seguemento do cumprimento das súas obrigas laborais e coa Seguridade Social.

O contratista deberá ter permanentemente informado ó responsable do contrato de calquera variación dos contratos laborais do persoal que estea adscrito a este contrato debendo contar con autorización expresa do Concello para a realización de novas contratacións laborais, calquera que fose o motivo, ou modificación das condicións laborais dos traballadores.

Esta obriga terá carácter de obriga contractual esencial cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato.

O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

Ós efectos do establecido no artigo 206 as obrigas establecidas nesta cláusula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando proceda, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social -que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo nunha contía mínima de 400.000 euros. Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

Asimesmo o contratista deberá achegar con carácter previo á formalización do contrato unha autorización para que o Concello de Lugo poda acceder ós seus datos de carácter persoal que figuren na Seguridade Social durante toda a execución do contrato.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña para outras finalidades distintas do obxecto da contratación.

VIXÉSIMO SEGUNDA. PAGAMENTO

O pagamento efectuarase de conformidade co establecido no prego de prescripcións técnicas, unha vez efectuados os controis regulamentarios e trala conformidade do responsable do contrato, o Excmo. Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado da Área correspondente e maila Concelleira Delegada da Área de Economía, emprendemento, autónomos e educación.

Xunto coas facturas presentarase , se procede, certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria Estatal así como unha declaración xurada sobre o mantemento das condicións laborais e número dos traballadores adscritos á execución deste contrato. En caso contrario deberá

achegar a correspondente solicitude de autorización conforme a cláusula vixésima.

VIXÉSIMO TERCEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, así como pola comisión de infracción graves ou moi graves sinaladas no prego de condicións técnicas sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan.

Asimesmo dará lugar á resolución do contrato o incumprimento das condicións indicadas na súa oferta técnica por parte do contratista.

Ós efectos do artigo 206.g), consideranse obrigas contractuais esenciais cuio incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula vixésima destes pregos.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas nos parágrafos anteriores e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 284 e seguintes da LCSP.

Para os efectos de resolución do contrato así como para a imposición de sancións, incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

VIXÉSIMO CUARTA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos a que se refire o artigo 310.2 da LCSP relativos a este contrato poderá interpoñerse **recurso administrativo especial en materia de contratación** ante a Xunta de Goberno Local sen que poda interpoñerse recurso administrativo ordinario. A interposición e tramitación deste recurso suxeitarase ó disposto nos artigos 312 a 317 da LCSP e presentarase no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 134.2.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:	
ENDEREZO:	

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: aprobacion pregos contratacion servizo mantemento, conservacion e explotacion sala control tráfico

Asunto:

LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE SE REALIZOU A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO

*** Xuntar a acta de constitución.**

3º TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

DNI:

FIRMA:

DATA:

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 257.370,66 euros e 52.456,87 euros con cargo ás partidas 13200.22799 e 13200.61900 respectivamente do vixente Orzamento xeral así como o compromiso de consignar crédito nos exercizos seguintes.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 122, 141 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

QUINTO. Publicar o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, Boletín Oficial do Estado, Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.
- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cúmprase.